O AECT Río Miño urxe á Xunta que execute o acordo para activar a ‘tarxeta transfronteiriza’ ante o peche de Portugal

O Agrupamento Europeo de Cooperación Transfronteiriza AECT Río Miño urxiu hoxe á Xunta -en boca do seu vicedirector e deputado Uxío Benítez- que execute o acordo do Parlamento galego para activar o a ‘tarxeta transfronteiriza’ que facilitará o paso da raia a todas as persoas que viven ou traballan a ambos lados do río.

O nacionalista lembrou que o Parlamento aprobou por unanimidade a proposición non de lei presentada polo grupo nacionalista en reunión do 11 de decembro da Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior sobre a tarxeta transfronteiriza. Entón, a Xunta comprometeuse a impulsar entre os gobernos español e portugués o estudo de fórmulas como a do carné transfronteirizo para evitar os efectos negativos das limitacións de paso na fronteira por motivos de saúde pública. Nestes momentos, a pesares dese acordo, afirma Benítez, “non se coñecen pasos para facer diso unha realidade”.

O deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez subliña que a tarxeta transfronteiriza axilizaría a vixilancia policial e sanitaria.

O deputado puxo sobre a mesa que o carné cidadá transfronteirizo permitiría unha identificación áxil e rápida nos puntos de vixilancia policial e sanitaria existentes nas fronteiras e evitaría situacións como os do anterior confinamento, cando as persoas traballadoras dun e doutro lado da fronteira estaban obrigadas a pasar por un único punto, a ponte de Tui-Valença, onde se formaba un 'tapón' de vehículos con varias horas de espera.

Benítez insistiu, de feito, en que é preciso que se manteñan abertos os seis pasos da provincia con Portugal, pero "sempre con todos os controis necesarios e garantías de saúde, algo para o que a tarxeta transfronteiriza faría moito máis áxil".

"Non podemos vivir outra vez o doble impacto que padecemos entre os 17 de marzo e o mes de xuño coa fronteira pechada a cal e canto, ten que haber permeabilidade aínda que cos debidos controis. Non se pode complicar a vida á xente traballadora transfronteiriza", insistiu.

O deputado lembrou unha vez máis que a fronteira de Pontevedra e Portugal é a máis dinámica social e economicamente de toda a península, xa que con 70 quilómetros dos 1.200 entre España e Portugal –só o 5%- asume o paso do 50% dos vehículos. En calquera caso, recoñeceu que as relacións transfronteirizas no territorio están suspendidas case na súa totalidade neste momento, con Galiza tamén autoconfinada por municipios e sen circulación ata o 17 de febreiro excepto para causas imprescindibles e debidamente xustificadas.

O nacionalista reivindica fondos europeos como compensación ao dobre golpe socioeconómico da COVID para o territorio do Miño.

Reivindicou que, de cara á recuperación, “*despois da tormenta, a bonanza debe chegar para todos, e os condados fronteirizos e as súas poboacións deben ser considerados por ambos os Gobernos, para non volver caer no esquecemento* ”.

Subliñou a necesidade de que os territorios transfronteirizos apliquen a figura de ITI -Intervención Territorial Integrada- para o período 2021-2027, co propósito de autorizar un programa de acción concertada para o próximo período de programación de fondos comunitarios. “*Os fondos europeos deben asignarse verdadeiramente como medida compensatoria a este dobre golpe socioeconómico que sente o territorio do Miño*”, finalizou.